

BASES DA CAMPAÑA - SORTEO "NADAL AEVA 2011"

- 1) A campaña Nadal AEVA levarase a cabo na comarca de Valdeorras no período comprendido entre os días 16 de decembro de 2011 e o 12 de xaneiro de 2012, e consiste no sorteo de vales de compra.
- 2) Os 102 establecementos integrados na Asociación Empresarial de Valdeorras (AEVA) que participan na Campaña de Nadal 2011 repartirán, entre os seus clientes, tarxetas rasca para obter algún dos seguintes premios:
 - I. DOUS vales de compra por importe de 25 €, en cada un dos 102 establecementos participantes na Campaña, vales que se investirán necesariamente no establecemento no que se obtiveron.
 - II. UN vale de compra por importe de 1000 €, que se investirá en calquera dos 102 establecementos que participan na campaña.
- 3) O reparto dos premios mencionados no parágrafo 2º destas bases desenvolverase da forma seguinte:
 - I. Os establecementos que participan na campaña repartirán un total de 30 999 tarxetas rasca, numeradas do 00 000 ao 30 999.
 - II. Cada establecemento entregará aos seus clientes tarxetas rasca para obter algún dos premios mencionados no parágrafo 2º destas bases e o cliente comprobará se contén premio.
 - III. No caso de que a tarxeta estea premiada cun vale de compra de 25 €, o establecemento comunicarlle ao cliente que o pode cambiar a partir dese momento, e o agraciado conservará a tarxeta para participar no sorteo final dun vale de compra por importe de 1000 €.
 - IV. No caso de que a tarxeta non estea premiada, o cliente conservaraa para participar no sorteo final dun vale de compra por importe de 1000 €.
- 4) A festa final da campaña de Nadal AEVA 2011, que se celebrará o día 13 de xaneiro de 2012 no Pavillón Vello do Barco, será pública e nela celebrárase o sorteo dun vale de compra por importe de 1000 €. Ademais do sorteo, a organización levará a cabo diversas actividades lúdicas e de entretemento.
- 5) O sorteo desenvolverase conforme ao seguinte procedemento:
 - I. Para obter o número correspondente á decena de millar extraerase da bolsa, na que se meteron os números 0, 1, 2 e 3, un deles.
 - II. Se o número correspondente á decena de millar fose o 3, á unidade de millar será necesariamente o cero. Se o número correspondente á unidade de millar fose o 1 ou o 2, extraerase da bolsa, na que se meteron os números 0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9, un deles.
 - III. Para obter o números correspondentes á centena, á decena, e á unidade, extraeranse da bolsa, na que se meteron os números 0, 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9, tres deles.

- 6) Á persoa que presente a tarxeta rasca co número resultante no sorteo, faráselle entrega dun talón polo importe de 1000 €, no que figurarán os establecementos que participaron na campaña nos que poderá investir o dito premio. O premiado ou premiada terá que investir o importe do talón no prazo de tres meses, a contar dende a data de celebración do sorteo.
- 7) No caso de que o premio quede por adxudicar, por non aparecer no mesmo momento do sorteo o portador da tarxeta co número agraciado, o dito premio quedará deserto e á disposición da entidade organizadora, que decidirá o que considere oportuno.
- 8) Non poderán resultar agraciados nesta campaña os titulares dos establecementos que participan na campaña nin os familiares destes ata o primeiro grao.
- 9) A participación no sorteo supón a plena aceptación destas bases, así como a autorización á entidade organizadora para a utilización dos datos de identificación facilitados no acto do sorteo polos participantes, única e exclusivamente para os fins propios desta campaña. Esta autorización faise extensiva á imaxe do gañador para os efectos de publicidade do resultado da campaña. O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación na campaña.
- 10) A Asociación Empresarial de Valdeorras xestionará os datos persoais facilitados polo participantes nesta campaña con estrito cumprimento de todos os requisitos esixibles pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Os datos facilitados polo participantes que resulten premiados incorporaranse a un ficheiro automatizado, debidamente inscrito no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, e serán utilizados, única e exclusivamente, para os fins previstos nas presentes bases. Non obstante, calquera dos participantes poderá exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por medio dunha comunicación escrita dirixida á: Asociación Empresarial de Valdeorras, R/ España , nº 1, 32 300 do Barco de Valdeorras.

- 11) A Asociación Empresarial de Valdeorras resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como a suspender o concurso/sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

O Barco de Valdeorras, decembro de 2011